

Sobre krausismo e institucionalismo. A Universidade de Santiago, Galicia e os comezos da Institución Libre de Enseñanza

Anxo Serafín Porto Ucha

Universidade de Santiago de Compostela

“(…) Y no pocos amigos míos
andaban preocupados con el temor
de que, por la amistad que me unía a Giner
y su grupo, fuese yo a incluirme entre los adictos
a la ‘filosofía alemana’, según la consagrada frase”
LA CONDESA DE PARDO BAZAN¹

RESUMO: O obxectivo deste traballo é seguir afondando nas relacións de Galicia co krausismo e coa Institución Libre de Enseñanza. Hai nel un esforzo por continuar furgando en todas aquelas persoas e institucións que tiveron relación, directa ou indirecta, co movemento krausoinstitucionalista. Limitámo-lo período ata a fundación da ILE, en 1876.

O tema ten como centro a Universidade de Santiago de Compostela. Partimos dunhas notas ó redor da figura de Krause, cunha breve aproximación ó krausismo en España, que Sanz del Río importa de Alemaña. Analizamos logo a chegada do krausismo a Galicia, a protesta universitaria en Santiago que daría orixe á ILE e a presenza galega no nacemento da Institución Libre de Enseñanza.

ABSTRACT: The purpose of this paper is to acquire a deeper understanding of the relationship between Galicia, Krausism and the *Institución Libre de Enseñanza*. We have endeavored to continue our research task of inquiring about all the people and institutions who had, in a direct or indirect way, any kind of relationship with the Krausist-institutionalist movement. The period of our research covers only up to the foundation of the ILE in 1876. Our research topic focuses on the University of Santiago de Compostela. We begin with a few notes on Krause and a brief description of Krausism in Spain according to the method imported by Sanz del Río from Germany. Next, we proceed to analyze the deve-

¹ Emilia pardo Bazán, “D. Francisco Giner”, *La Lectura*, Marzo de 1915. *BILE*, XXXIX (1915), p. 59.

lopment of the Krausist movement in Galicia, the university protest in Santiago which was the origin of the ILE, and the Galician involvement in the creation of the Institución Libre de Enseñanza.

Introducción

Comentaba Olegario Negrín Fajardo, no Prólogo ó meu traballo publicado en 1986², que non fai falta ler senón dúas obras fundamentais, para darnos conta da concepción do franquismo respecto á ILE: *Los intelectuales y la tragedia española*, de Enrique Súñer, publicada en 1937, e *Una poderosa fuerza secreta: La Institución Libre de Enseñanza*, obra colectiva, que aparece no 1940. Esta concepción durou moitos anos. Pero, afortunadamente, as verdadeiras dimensións intelectuais, culturais e educativas daquel importante movemento chegarían da man de Cacho Viu (1962), Gómez Molleda (1966), Turín (1967), Xirau (1969), Jiménez Fraud (1971), Elías Díaz (1973), Jiménez-Landi (1973), etc. Aínda con anterioridade, dende o estranxeiro, cabe reseña-los traballos de Castillejo (1937), Martín Navarro (1945), F. de los Ríos (1949), López Morillas (1956), Luzuriaga (1957), entre outros. O mesmo Cacho Viu sinalaba que a biografía máis coidada e exacta de Sanz del Río fora escrita por Pierre Jobit, na introducción ó tomo 2 de *Les éducateurs de l'Espagne contemporaine* (1936).

Pellezo García contabilizaba xa en 1975 un total de 696 estudos que abordan directamente o tema de reforma pedagóxica promovido pola ILE, ós que habería que engadir os adicados ás máis destacadas personalidades krausistas. En 1976, con motivo do centenario da creación da ILE, tiveron lugar unha serie de actos que significaron un novo e decidido impulso de estudos sobre o krausismo e a ILE. Son de destacar tamén unha serie de artigos que aparecen en órganos de expresión como *Cuadernos para el Diálogo*, *Triunfo*, *El País*, *Revista de Educación* do MEC, *Cuadernos de Pedagogía* e un longo etcétera. Autores, como Laporta, Lerena e Tuñón de Lara fixeron tamén grandes aportacións. Un dos últimos -que incorpora traballos anteriores- o completo en 4 tomos de Jiménez-Landi (1996). Sobre Krause, Masonería e Educación destacan autores como Enrique M. Ureña e Pedro Álvarez Lázaro. Non é a nosa intención facer unha análise exhaustiva dos traballos publicados ata hoxe. Pero a abundante literatura sobre o asunto -con incursións incluso dende ideoloxías distintas- amosa o interese polo mesmo.

No que respecta a Galicia, o movemento foi obxecto de atención, xa, en principio, por autores como Xesús Alonso Montero con "La Institución Libre de Enseñanza en Galicia",

² Véxase o "Prólogo" de Olegario Negrín Fajardo ó libro *La Institución Libre de Enseñanza en Galicia*, Sada - A Coruña, 1986, pp. 7-13.

en *Lengua, literatura e sociedade en Galicia* (1977), ou a voz "Institución Libre de Enseñanza", na *Gran Enciclopedia Gallega*. Na Universidade de Santiago, especialmente na Facultade de Xeografía e Historia, producíronse materiais importantes que axudan a contextualiza-lo tema, da man de X.R. Barreiro, Isaura Varela e A. Portabales Vázquez, entre outros. No campo da Historia da Educación, en Pedagogía, dende as bases teóricas analizadas por Herminio Barreiro ata traballos máis de campo, especialmente de Antón Costa³. Á parte, as investigacións de Uxío Otero Urtaza, centradas na figura de Cossío, con derivacións importantes cara ó institucionalismo en Galicia⁴. E aínda deberíamos citar os traballos de Purificación Mayobre sobre o krausismo en Galicia, de Ramón López Vázquez, acerca da obra e maila vida do krausista galego Juan Sieiro González, Torres Regueiro e a figura de Xoán Vicente Viqueira, etc.

No que a nós respecta, no tempo queda xa a investigación iniciada a comezos dos oitenta. Na obra de conxunto *Historia de la Educación en España y América*, coordinada por B. Delgado (1994), ofreciamos unha panorámica, no contexto da influencia institucionalista en distintos ámbitos da xeografía española. Ademais das aportacións en Actas a Congressos da especialidade, en revistas como *Boletín de la Institución Libre de Enseñanza* e as galegas *O Ensino*, *Grial*, *Revista Galega de Educación*, *Nós*, *Adaxe*, *Agália* ou mesmo *Raigame* fomos verquendo novos achádegos. Neste intre, imos pasar revisión á chegada do krausismo e ós comezos da Institución Libre. Interéranos destaca-la presenza-influencia galega nos inicios daquel importante movemento educacional.

Recordar tamén unha vez máis que non é doado concreta-lo conxunto de persoas e institucións que tiveron contactos ou recibiron influencia da ILE. Xunto ó propio centro levantado en Madrid e algunhas experiencias periféricas, había unha realidade social máis complexa e ampla, a "Institución difusa". Arredor da Institución existían moitas persoas de diferentes ideas e profesións, influenciadas pola educación que a ILE postulaba, que se sentían unidas nunha dirección común. O que fora creador do primeiro centro republicano

³ Por citar soamente un dos últimos traballos do autor sobre o tema, véxase Antón Costa Rico, *A reforma da educación (1906-1936)*. X. V. Viqueira e a historia da psicopedagogía en Galicia, O Castro, Sada, A Coruña, Gráficas do Castro/Moret, 1996.

⁴ Véxase Eugenio M. Otero Urtaza, *Las Misiones Pedagógicas: Una experiencia de educación popular*, Sada, A Coruña, 1982; *Manuel Bartolomé Cossío. Trayectoria vital de un educador*, Madrid, C.S.I.C. y Amigos de la Residencia de Estudiantes, 1994; *Manuel B. Cossío. Pensamiento pedagógico y acción educativa*, Madrid, MEC, Centro de Publicaciones, 1994, entre outros traballos do autor.

de Pontevedra e profesor de Escola Normal, Juncal Verdulla, insistía dende *El Progreso* de Barcelona, a raíz da morte de Giner en 1915, no seu labor de guía e de contacto⁵. Lembremo-las palabras de Zulueta polas mesmas datas:

“En el último rincón de España vive, a lo mejor ignorado de todos y casi de sí mismo, un maestro, un médico rural, que conoció a Giner o quizá tan sólo a alguno de sus amigos, y que ahora, en la aldea, reúne a las gentes para intentar con toda modestia una obra de cultura o de mejoramiento. Tal es la Institución difusa. *Ecclesia dispersa*”⁶.

Nesa mesma liña, di Turín: “Altamira llega a pensar que el más poderoso medio de influencia de la Institución Libre no fue el centro escolar, sino toda esa vida de relaciones que se desenvolvía en su derredor”⁷. A entidade era, pois, espiritual, imposible de delimitar nos seus contornos. En todo caso, e como precisou xa no seu día Herminio Barreiro: “la I.L.E. nació, pues, ‘condenada’ a ser algo más que una experiencia pedagógica”⁸.

1. Unhas notas arredor da figura de Krause

En 1781 nacía en Eisenberg, unha pequena cidade turinxia pertencente entón ó Ducado de Altenburg (Saxonia), Krause, bautizado co nome de Carl Christian Friedrich. A aparición do libro de Enrique M. Ureña *Krause, Educador de la Humanidad. Una biografía*⁹, permítenos facer referencia a algúns dos aspectos máis salientables do fundador do krausismo, anque xa en 1992, con motivo da presentación do referido texto, aportabamos en *Adaxe*¹⁰ algúns datos sobre o particular. Certamente, o texto de Ureña, autor sobre o

⁵ Véxase J. Juncal, “El Maestro y su obra, *Boletín de la Institución Libre de Enseñanza* (en adiante, *BILE*), XXXIX (1915), p. 72. Publicado en *El Progreso*, Marzo de 1915.

⁶ Luis de Zulueta, “Lo que nos deja”, *Boletín de la Institución Libre de Enseñanza*, XXXIX (1915), p. 54. Publicado con anterioridade en *La Lectura*, Marzo de 1915.

⁷ Yvonne Turín, *La educación y la escuela en España de 1874 a 1902*, Madrid, Aguilar, 1967, p. 225.

⁸ Herminio Barreiro Rodríguez, “Repercusiones de la revolución ideológica y científica del último tercio del siglo XX en las innovaciones educativas de la Institución Libre de Enseñanza”, *Historia de la Educación*, 2 (1982), p. 215.

⁹ Enrique M. Ureña, *Krause, Educador de la Humanidad. Una biografía*, Madrid, Unión Editorial, 1991. O texto foi publicado ó mesmo tempo en alemán, co título *K.C.F.Krause; Philosoph, Freimaurer, Weltbürger. Eine Biographie*. Stuttgart, Frommann-Holzgoog Verlag.

¹⁰ Véxase o artigo “Krausismo y Educación. Aproximación al krauso-institucionismo en Galicia”, *Adaxe*, 8 (1992), pp. 173-184. Trátase do contido da miña intervención na presentación do libro de Ureña no Centro Fonseca da Coruña o 3 de decembro de 1991.

que volveremos máis adiante, veu encher un oco arredor da figura de Krause, cunha análise detallada dos seus 51 anos de existencia.

Estamos diante dunha constitución anímica mística chea de fantasía. As enfermidades sufridas na infancia condicionaron o seu interese por materias como a música e a filosofía; o seu espírito profundamente relixioso e o rexeitamento dos aspectos dogmáticos. O concepto de harmonía que logo defenderá; a súa delicadeza e tenrura.

En relixión, Krause buscou dende neno a cerna humanista das grandes relixións universais, ponte que o levaría ás relacións ideais de comunicación, aspecto este que nos fai lembra-la súa propia vinculación á masonería, coa que tivo non poucos problemas. Di Purificación Mayobre que “Krause desde moi novo xa se interesara polos ideais o pola sociedade masónica, crendo atopar na mesma a plataforma adecuada para os seus obxectivos de renovación e transformación social”¹¹. A idea de Dios móstraselle non baseada en revelacións directas e particulares, senón na esencia da verdade mesma, que despois desenvolvería na súa filosofía.

En Jena recibiu clases dende 1797, de Fichte e Schelling. En principio atráelle a filosofía do primeiro; o segundo, que subiu baixo a protección de Goethe e Schiller, non era tanto do seu agrado. Fixo o doutorado en matemáticas e preparou logo a denominada “habilitación”. Aquí permaneceu como profesor entre 1801 e 1805. Encontrámonos cunha forma de traballo na Universidade moi distinta da de hoxe en día; os profesores libres (privatdozenten) dependían das cantidades aportadas polos alumnos que se anotaban ós cursos ofrecidos previamente. Son coñecidas as miserias económicas polas que pasou Krause para manter unha familia de nada menos que doce fillos. Se a esto lle engadímola orientación de Krause sempre segundo o que a vida “debería ser”, e non segundo a vida tal como “ela era”, compréndese mellor o permanente enfrontamento co seu pai, Johann Friedrich Gotthard Krause, daquela pastor protestante, verdadeiro sostén da familia ata case que o final da vida do malogrado Krause. Durante esta etapa coincidiu con Hegel.

Por problemas xurdidos en Jena, trasladouse primeiro a Ruldolstadt e logo a Dresden, en busca da arte como complemento da formación científica adquirida nos anos anteriores. *Ciencia e Arte* constitúen para el os dous grandes campos nos que a Humanidade desenvolve a súa actividade. E na formación en equilibrio en cada un destes campos acá-

¹¹ Purificación Mayobre, *O Krausismo en Galicia e Portugal*, Sada, A Coruña, Edicións do Castro, 1994, p. 11.

dase a *harmonía*. Temas tratados sistematicamente no seu *Ideal de la Humanidad*. Durante este tempo intentou conseguir cátedras en Dorpat e Heidelberg.

Krause, idealista, intentaba face-lo ben pola Irmandade masónica e, a través dela, pola Humanidade enteira. No político, defendía unha federación monárquica de Estados como Estado Mundial. Do seu frustrado “Estado Mundial a través de Napoleón” e doutros escritos anteriores, podemos dicir que arranca o *Ideal de la Humanidad* como obra independente; unha teoría masónica da sociedade¹².

O momento intelectual alemán que lle tocou vivir a Krause era dunha altura impresionante. Recordémo-lo papel desempeñado por Fichte, cos 14 discursos (*Reden an die deutsche Nation*) na grande sala da Academia de Ciencias de Berlín, no inverno de 1807-08, coincidindo coa ocupación napoleónica. A mentalidade do noso personaxe enténdese mellor contextualizándoa nas coordenadas histórico-xeográficas da época. Lembrémo-las ideas de Wilhelm von Humboldt sobre a formación do home, cando en 1809 é chamado por Karl von Stein para ocupa-la Sección de Culto e Ensinanza no Ministerio do Interior e organiza-lo sistema educativo prusiano, no modelo de “Estado cultural”¹³.

Dende 1813, Krause segue a súa peregrinación de Dresden a Tharandt e Berlín, a capital de Prusia, ocupándose de amplos campos do saber: Lingua, Xeografía, Matemáticas, etc. Krause foi a *alma mater* da fundación da Sociedade berlinesa para a lingua alemana. En 1814 morre Fichte en Berlín e intenta ocupa-la súa praza. Un novo fracaso. Pénbase en Herbart de Königsberg, pero finalmente é nomeado Schleiermacher.

En 1822 trasladouse a Göttingen (en adiante, Gotinga). Unha dimensión da súa personalidade foi o “Krause pedagogo”, cun bo nome entre os irmáns da loxa masónica. Xa, cando se trasladou de Rudolstadt a Dresden meditara no tocante a erixir un Instituto educativo, cunha visión panenteística, segundo o espírito da Alianza na Humanidade. Non olvidemos que a masonería tiña como un dos principais cometidos a formación interna dos seus membros e, xunto a ela, o labor educativo externo¹⁴. Na revista *Isis* (1823) escribiu

¹² Véxase E. M. Ureña, *Op. cit.*, páxs. 176 e seguintes. Do mesmo autor, “Krause y su ideal masónico: hacia la educación de la humanidad”, *Historia de la Educación*, 4 (1985), pp. 73-95.

¹³ Véxase Federico Gómez Rodríguez de Castro, “La reforma prusiana de la educación a principios del siglo XIX”, *Génesis de los sistemas educativos nacionales*, Madrid, UNED, 1988, pp. 53-75.

¹⁴ Véxase Pedro Álvarez Lázaro, “Masonería y Educación. Introducción”, *Historia de la Educación*, 9 (1990), p.9. Sobre o labor educativo da masonería, véxase do mesmo autor “Educación esotérica de la Masonería española”, *Op. cit.*, pp. 13-41, e o anterior “Masonería y enseñanza laica durante la restauración española”, *Historia de la Educación*, 2 (1983), pp. 345-352; ultimamente, *La Masone-*

unhas “Observacións” dirixidas ós traballos de Fröbel, que estaba ó fronte do Instituto de Keilhau. Persoalmente non se coñeceron ata 1828. Da relación Krause-Fröbel arranca o krausofröbelismo, que tivo tamén unha incidencia importante no noso ámbito cultural¹⁵.

E. M. Ureña fai referencia ó grupo de universitarios que se uniron fielmente a Krause na Universidade Georgia-Augusta, xermolo do krausismo:

Leonhardi (...) que luego sería el más celoso apóstol del krausofröbelismo (...) Ahrens, Dübner, Dürrefeld, Von Hagen, Moller, Peters, Riehn, Schliephake e Georg Schumacher constituían junto a él el corazón del grupo, al que también pertenecían otros como Beaulieu, Deppe, Adolf y Louis Frankenberg, Frege, Heermann, Lichtenberg, Carl Meyer, Plath, Pontikes, Purgold, Regel, Reuter, Schoof, Fritz Schumacher, Snell y algunos más (...) Ahrens, Peters y Schliephake, junto con Leonhardi, permanecerían durante toda su vida activos krausistas¹⁶.

Pero o “discípulo amado” era Schumacher (faleceu pronto, en 1843). O obxectivo era “ir preparando poco a poco la realización de la Alianza de la Humanidad”. Búscase un sitio para vivir “humanamente unidos”, que non sexa Gotinga. Xorden novas dificultades. O seu xenro Leonhardi instálase primeiro en Munich e diríxese despois a Hannover. En 1831 Krause é expulsado de Gotinga e logo tamén de Munich, cando se dispoñía a solicitar unha cátedra honorífica. O rei de Baviera perdóalle a expulsión, pero non acadada a ansiada cátedra. Morre en 1832. O seu corpo descansa, nunha tumba “tan pobre como lo fue la vida externa del fundador del krausismo”, no vello cemiterio do sur, na cidade de Munich¹⁷.

ría, escuela de formación del ciudadano. La educación interna de los masones españoles en el último tercio del siglo XIX, Madrid, Universidad Pontificia de Comillas, 1996. De Enrique M. Ureña, “Krause y la educación”, *Historia de la Educación*, 7 (1988), pp.43-62, e “Orígenes del krausofröbelismo y Masonería”, *Historia de la Educación*, 9 (1990), pp. 149-162. Este último número contén un monográfico sobre “Masonería y Educación en la Historia” e unha Sección de Documentación e Información sobre o tema, con interesantes aportacións.

¹⁵ Sen pretender a exhaustividade, podemos citar algúns traballos, dende o xa centenario de Pedro de Alcántara García, “Del fröbelianismo en España. Su influencia en nuestro movimiento pedagógico”, *La Escuela Moderna* (1899), ata os máis recentes de Julio Ruiz Berrio, “En el centenario de Fröbel. La introducción de su método en España”, *Revista de Ciencias de la Educación* (1982), Carmen Colmenar Orzaes, “La formación de maestras en el método educativo de Fröbel en España”, *Revista de Educación* (1989) ou Purificación Lahoz Abad, “El modelo froebeliano de espacio-escuela. Su introducción en España”, *Historia de la Educación* (1991), entre outros.

¹⁶ E. M. Ureña, *Op. cit.*, pp. 425-26.

¹⁷ Véxase Enrique M. Ureña, *Krause, Educador de la Humanidad*, op. cit., p. 451.

2. Sanz del Río e o krausismo en España

Falar da chegada do krausismo ó noso país é referirse necesariamente á figura de Julián Sanz del Río. Sen embargo, e seguindo a Pierre Jobit en *Les éducateurs de l'Espagne contemporaine*, Ferrater Mora¹⁸ apunta que existía en España un “pre-krausismo”, representado por Antonio Xavier Pérez y López, morto en 1792, autor duns *Principios del orden esencial de la Naturaleza*, escrito en 1785, e José Álvarez Guerra, (nado en 1778) que escribiu dous volumes sobre *Unidad simbólica y Destino del hombre sobre la tierra o Filosofía de la Razón* (1837). Pola súa banda, Esteban Mateo¹⁹ refírese a outro antecedente anotado por Gil Cremades respecto ó krausismo xurídico hispano: Juan Alonso Eguilaz, coa súa obra iniciada en 1868, *El Derecho natural, Exposición de los principios universales del derecho con aplicación especial a los seres humanos*.

Sanz del Río naceu en Torrearévalo (Soria) en 1814. Orfo de pai dende os dez anos, baixo a tutela do seu tío, o coengo don Fermín, pasou do seminario de San Pelaxio a estudar a carreira de Dereito en Granada. En Toledo estudiou Dereito Canónico. Volta a Granada, graduándose de Doutor en 1836. En Madrid fixo tamén estudos xurídicos, onde se doutorou igualmente en 1840. Lémbranos José Luis Abellán²⁰ como o contacto continuo coas disciplinas xurídicas foi o que o levou a un primeiro coñecemento da filosofía krausista, a través das obras de Heinrich Ahrens, *Curso de Derecho Natural*, e de Falck, *Enciclopedia jurídica*, a primeira traducida por Ruperto Navarro Zamorano, e a segunda por José Álvarez de la Zafra, ambos amigos de Sanz del Río.

Efectivamente, Heinrich Ahrens seguidor de Krause en Gotinga, trasladárase á Universidade Libre de Bruxelas para ensinar Dereito. Alí publicou en 1838 o seu famoso libro *Cours de Droit Naturel*. Traducido logo ó español, acadaría tamén unha grande influencia en Portugal. Ahrens foi un dos máis grandes difusores do pensamento de Krause, principalmente da súa Filosofía do Dereito, que chegaría ata Iberoamérica, a través de distintos pensadores. Continuador da súa cátedra e da filosofía krausista sería tamén Guillaume Tiberghien, discípulo de Ahrens.

¹⁸ Véxase José Ferrater Mora, “Krausismo”, *Diccionario de Filosofía*, Madrid, Alianza Editorial, t. III, pp. 1879-1881.

¹⁹ Véxase León Esteban Mateo, “El krausismo en España: teoría y circunstancia (I)”, *Historia de la Educación*, 4 (1985), p. 105.

²⁰ Véxase José Luis Abellán e Luis Martínez Gómez, *El pensamiento español de Séneca a Zubiri*, Madrid, UNED, 1977, p. 306.

Sabido é que en 1843 Sanz del Río foi nomeado catedrático interino de Historia da Filosofía polo ministro Pedro Gómez de la Serna, coa obriga de permanecer dous anos pensionado en Alemaña. Na súa viaxe, pasou por París, onde se entrevistou con Víctor Cousin, de quen se di que quedou desilusionado. Dirixiuse a continuación a Bruxelas. Productivo do encontro con Ahrens, encamiñouse a Heidelberg, onde estaban Röder, Leonhardi, Schliephake, Gervinus e Weber, seguidores do krausismo.

A viaxe de Sanz del Río quedou parcialmente frustrada en 1844 ó fina-lo seu tío. Regresa a España e durante nada menos que nove anos, alegando insuficiente preparación, retírase a Illescas, traducindo do alemán, profundizando no krausismo e cultivando os principios desta filosofía, coa práctica da ximnasia e contacto coa natureza. Unha vez cada mes, ía a Madrid, onde contacta cun grupo de amigos. Estase a produci-la sementeira do movemento krausista. Di Jiménez-Landi que os oíntes de don Julián eran Manuel Ruiz de Quevedo, Dionisio Gómez, Eduardo Chao (o galego de Ribadavia que logo tería un destacado papel nos primeiros tempos da ILE), Manuel Ascensión Berzosa, Francisco Cayoso y Larrúa, Luis de Entrambasaguas e os vellos amigos Zafra e Navarro Zamorano²¹.

En 1854 ocupa por fin a cátedra, iniciando un período no que se dedica fundamentalmente á exposición do sistema de Krause. A primeira afirmación pública solemne da filosofía krausista, difundida ata entón nun círculo moi reducido, tivo lugar na apertura do curso 1857-58 na Universidade Central, onde leu a lección inaugural, coa conseguinte reacción do neotomista Ortí Lara. No mesmo ano 1857 redactaría Sanz del Río un escrito curto titulado *Racionalismo armónico. Definición y principios*, e a mediados de 1860 aparece o seu *Ideal de la Humanidad para la vida*, traducción da obra de Krause, cunha introducción e comentarios do autor. Ademais desta obra, que constituiu o texto básico de todo o movemento krausista, e do referido *Discurso pronunciado en la solemne inauguración del año académico 1857-58* (Madrid, 1857), sinalamos de Sanz del Río *C. Ch. Krause, Sistema de Filosofía. Metafísica* (1860), *La cuestión de la filosofía novísima* (1860) e os traballos póstumos *Análisis del pensamiento racional* (preparado por José de Caso, 1877), *Cartas inéditas* (recollidas por José de la Revilla, 1873), *Filosofía de la Muerte* (extractado por Manuel Sales y Ferré, 1877), entre algúns outros documentos recuperados.

De todos estes traballos de Sanz del Río, e referido á especificidade do krausismo español, orixinouse fai preto dunha década unha polémica, a raíz dos datos aportados por

²¹ Véxase Antonio Jiménez-Landi, *La Institución Libre de Enseñanza*. Tomo I “Los orígenes de la Institución”, Madrid, Editorial Complutense, 1996, p. 512. Esta obra de Jiménez-Landi incorpora nos seus catro tomos traballos publicados con anterioridade. Citaremos sempre por esta edición.

Enrique M. Ureña sobre *El Ideal de la Humanidad para la vida*²². En 1811 publicaba Krause unha revista, *Tagblatt*, que durou soamente un trimestre. Segundo Ureña, *El Ideal de la Humanidad* de Krause, que Sanz del Río e os seus seguidores presentan como unha traducción libre, acomodada ás necesidades do pobo español e ás necesidades históricas do noso país, non é máis que un conxunto de cousas publicadas por Krause no *Tagblatt*, adquirindo así esta revista unha relevancia historiográfica de primeiro rango²³. No citado traballo de Purificación Mayobre, recóllese unha publicación posterior e máis extensa de Ureña sobre o tema, co que “se podería salvagardar a orixinalidade da obra do soriano”. De todas formas, maniféstase a autora no sentido de que “habería que investigar máis profundamente se houbo ocultamento ou confusiónismo por parte de Sanz del Río”, e que “en calquera caso, haberá que agardar que novos investigadores e novos resultados clarifiquen totalmente o estado da cuestión”²⁴. Remitimos, de todos modos, a este interesante texto de Ureña e colaboradores, que nos permite entrar en contacto coas fontes directas do krausismo, mediante a análise, a tres columnas, da concordancia do traballo publicado por Krause no *Tagblatt* (en alemán) co manuscrito inédito de Sanz del Río (1851) conservado na Real Academia da Historia, e o texto publicado en *El Ideal de la Humanidad para la vida* (1860)²⁵.

Sinala Jiménez-Landi no citado texto sobre a Institución Libre²⁶ que cabe fixar, de acordo con Vicente Cacho no seu libro sobre as orixes e etapa universitaria da ILE, *dúas fornadas* -como as denominou Menéndez Pelayo- de krausistas. Unha, a daqueles profesores nados entre 1832 e 1835, que xa estaban situados na vida intelectual e académica cando asisten ás leccións de Sanz del Río; son Francisco Fernández y González, Francisco de Paula Canalejas, Federico de Castro, Valeriano Fernández Ferraz, Vicente Romero Girón e Miguel Carmona. Outra, a dos discípulos en toda a extensión da palabra, anque algúns xa concluíran as respectivas carreiras, todos nados entre 1837 e 1842.

²² Véxase de Enrique M. Ureña, “El fraude de Sanz del Río o la verdad sobre su ideal de la Humanidad”, *Pensamiento*, 44 (1988), pp. 25-47; “La actualidad del krausismo”, *Revista de Occidente*, 101 (1989), pp. 76-87.

²³ Véxase Enrique M. Ureña, *Krause, Educador de la Humanidad. Una biografía*, op. cit., pp. 217-18.

²⁴ Purificación Mayobre, *Op. cit.*, p. 19.

²⁵ Véxase Enrique M. Ureña, José Luis Fernández Fernández e Johannes Seidel, *El “Ideal de la Humanidad” de Sanz del Río y su original alemán. Textos comparados con una introducción*. Madrid, UPCO, 1992.

²⁶ Véxase Antonio Jiménez-Landi, *Op.c it.*, pp. 57-58.

Son Francisco Giner de los Ríos, Nicolás Salmerón, Gumersindo de Azcárate, Rafael María de Labra, Juan Uña, Segismundo Moret, Alfonso Moreno Espinosa, Romualdo Álvarez Espino, José María Maranges, Tomás Romero de Castilla e o galego Luis Hermida, morto en 1867 ós 26 anos, de quen di Vilanova Rodríguez que “en la Universidad de Madrid, donde lo encontramos hacia 1860, ero uno de los discípulos predilectos de Sanz del Río y el miembro más joven y uno de los más destacados del grupo que mantenía una postura heterodoxa y rebelde dentro del krausismo”, e ó que Giner dedicou a súa tradución da *Estética* de Krause (Madrid, 1883). Vilanova recolle tamén o sentir de Murguía: “(...) aquella buena alma, que el cielo nos llevó tan pronto, privando a la patria gallega de una de sus más nobles inteligencias (...)”²⁷. De que Luis Hermida era amigo íntimo de Sanz del Río, non hai a menor dúbida; constatámolo nos “Datos biográficos” a propósito da morte de Giner:

“(...)Por entonces, perdió al amigo más entrañable de aquella época, Luis Hermida, de quien él mismo escribió que fue ‘arrebatao a los 26 años a la filosofía española’, y cuyo recuerdo perseveró lozano en su corazón toda la vida. En sustitución de Hermida, precisamente, nombró Sanz del Río su testamento a Giner”²⁸.

Elías Díaz²⁹ indica dúas etapas fundamentais na implantación do krausismo en España. A primeira, centrada estrictamente en Krause e Sanz del Río, que comprendería dende 1854 ata 1869 (morte de Sanz del Río) ou 1875 (Restauración da Monarquía borbónica). A segunda, posterior a 1875, en torno a Giner e á ILE, etapa na que a base krausista transfórmase, influída polas tendencias hegelianas, positivistas e neokantianas; a súa data final podería situarse ó redor de 1915 (morte de Giner) e 1917 (morte de Gumersindo de Azcárate); unha terceira etapa, prolongación da segunda, chegaría ata 1936-39. Engade o autor que, se nos seus inicios o krausismo español foi un sistema moi preciso, un corpo doutrinal a difundir, a segunda fase caracterizouse por unha certa maneira común de sentir e de pensar, “algo inexpresable, una especie de inquietud fecunda”, no dicir de Julián Besteiro, e que Jobit define en tres palabras: “espíritu de armonía, culto a la ciencia, moralismo”.

Espíritu de armonía, defensa da liberdade, culto á ciencia, afirmación da razón, moralismo, pedagogía e relixiosidade poden considerarse, segundo Elías Díaz no Estudio pre-

²⁷ Alberto Vilanova Rodríguez, “Hermida, Luis”, *Gran Enciclopedia Gallega*, t. 7, p. 100.

²⁸ “Datos biográficos”, *Boletín de la Institución Libre de Enseñanza*, XXXIX (1915), p.54.

²⁹ Véxase Elías Díaz, *La filosofía social del krausismo español*. Madrid, Debate, 1989, p. 46.

liminar á *Minuta de un Testamento* de Gumersindo de Azcárate³⁰, como as características xerais que corresponden a esa actitude intelectual propia do krausismo español, actitude definida esencialmente pola nota da liberdade. Cristianismo liberal, no relixioso; crenza no poder transformador da razón, no filosófico; organicismo, no social; liberalismo progresivo, no político, e insubornable fondo ético, que busca a reforma e o cambio social, no aspecto moral, son as notas que, segundo Abellán no texto citado³¹, tinxen ó movemento institucionista. A nota de “organicismo social” engádea tamén Elías Díaz ó clarexa-lo liberalismo krausista. Sen dúbida, unha das de maior complexidade, atendendo á posible conciliación do krausismo co liberalismo. Non se trata, na atención especial que lle presta este último autor, seguindo a Giner de los Ríos³², dun organicismo biolóxico, de cariz positivista decimonónico, senón dun organicismo fundamentalmente ético e espiritual³³. Por suposto, debe distinguirse tamén do organicismo totalitario posterior. As notas de liberdade (liberdade política, relixiosa, intelectual, etc.) preséntanolas Elías Díaz como decisivas para diferenciar ó krausismo. Recolle dúas citas interesantes. A primeira de Tierno Galván: “La polivalencia del krausismo no tiene más límites que la idea y el sentimiento liberal de la tolerancia como base de la convivencia (...) El krausismo fue una actitud de protesta más que otra cosa³⁴”; a segunda, de Tuñón de Lara: “Lo decisivo del krausismo español (...) es su oposición al oscurantismo, su actitud de libre examen y también su simpatía -un poco difusa- a lo popular³⁵”. Respecto a ese carácter moral estricto e intachable, penso eu que quizais non habería que insistir en demasía, sen restarlle mérito á rectitude dos seguidores.

Buscando conexións, sobre todo de carácter persoal con sectores intelectuais do socialismo español, Elías Díaz fai referencia a Pablo Iglesias, que asistiu a algúns dos cursos de extensión universitaria e educación popular dados polos krausistas, concretamente ás clases para impresores impartidas por Valeriano Fernández Ferraz e Juan de Dios de la Rada; a nota figura en Juan José Morato, onde di que “asistió un muchacho gallego, al

³⁰ Véxase *Minuta de un Testamento* publicada y anotada por Gumersindo de Azcárate. Estudio preliminar por Elías Díaz, Barcelona, Ediciones de Cultura Popular, 1967, p. 19.

³¹ Véxase José Luis Abellán, *Op. cit.*, p. 320.

³² Véxase Francisco Giner de los Ríos, *La persona social: Estudio y fragmentos*, Madrid, Librería General de Victoriano Suárez, 1899.

³³ Elías Díaz, Estudio preliminar a *Minuta de un Testamento*, op.cit., pp. 21-33.

³⁴ Enrique Tierno Galván, *Costa y el regeneracionismo*, Barcelona, Editorial Barna, 1961, pp. 7-8 (cit. por Elías Díaz, *Op. cit.*, p. 29).

³⁵ Manuel Tuñón de Lara, *La España del siglo XIX*, París, Club del Libro Español, 1961, pp. 131-132 (*ibidem*, p. 30).

que sus amigos llamaban Paulino”³⁶. Tamén Julián Besteiro, fillo de galego da freguesía de Franqueán (O Corgo-Lugo), que ós nove anos ingresa na ILE³⁷ e á que sempre se considerou vinculado; outros, non galegos, como Rodolfo Llopis e Fernando de los Ríos; os tres últimos, homes de enlace entre a Institución Libre e o partido socialista, e que tan importante papel desempeñaron na política educativa da Segunda República.

Os seguidores do krausismo proclaman un cambio social sen violencia, gradual, pacífico, coa conseguente reforma social, que van defende-los seguidores da ILE. Son os reformadores da España contemporánea, que, cunha visión penetrante e analítica, sobre un tema delicado polos tempos políticos que aínda viviamos, abordou no seu día Gómez Molleda³⁸. E as reformas, inspiradas nese espírito común institucionalista, coas aportacións dos rexeneracionistas e da mesma xeración do 1898 -que hoxe recordamos- chegarían co novo século: xunto ás novas institucións administrativas para a instrucción pública e a loita pola autonomía universitaria, a Xunta para Ampliación de Estudios e Investigacións Científicas (1907), a Escola Superior do Maxisterio (1909), a Residencia de Estudiantes (1910), o ensaio do Instituto-Escola (1918), o Centro de Estudios Históricos, a Comisión de Estudios en Galicia e a Misión Biolóxica, ubicada esta última en Salcedo (Pontevedra) dende 1928, e demais.

3. A chegada do krausismo a Galicia

Alentados polos seguidores de Sanz del Río, xurden centros krausistas fóra de Madrid. Foron basicamente catedráticos de universidade e de instituto os primeiros encargados do espallamento da doutrina, polo camiño do estudio, da investigación e da ciencia. Orixiouse, así, un movemento cara á periferia, do que levamos feito mención noutros traballos. Esta preocupación tería continuidade na figura de Francisco Giner de los Ríos. Gómez Molleda recordaba no citado texto como dous homes novos da primeira promoción de Giner, Augusto González Linares e Laureano Calderón, foran catedráticos en Santiago en 1872 e 1874, respectivamente. Entre os universitarios influenciados por González

³⁶ Juan José Morato, *Pablo Iglesias Posse*, Madrid, Espasa-Calpe, 1931, pp. 31-32 (citado por Vicente Cacho Viu, en *La Institución Libre de Enseñanza I. Orígenes y etapa universitaria (1860-1881)*, Madrid, Rialp, 1962, p. 207).

³⁷ Julián Besteiro figura no Boletín como alumno da ILE nos cursos 1879-80 a 1884-85 (*BILE*, VIII (1884), pp. 32, 64, 80, 96, 112 e 320).

³⁸ Véxase M^a Dolores Gómez Molleda, *Los reformadores de la España contemporánea*. Madrid, C.S.I.C., 1981 (1^a edición, Imprenta Sáez, 1966), pp. 301-303.

Linares figura o biólogo galego José Rodríguez Carracido³⁹, a quen o santanderino natural de Cabuérniga introduciría no evolucionismo e que sería Rector da Universidade de Madrid, durante unha década, a partir de 1916. Intentaron ocupar cátedras, sen fortuna, varios dos chamados “selectos”: Torres Campos, Melquíades Álvarez, Corominas e Ríos Urrutí. Así, pois, a formación dun grupo duradeiro non tivo éxito na Universidade de Santiago. Hai que seguir furgando nas causas. Decía a autora que, ó parecer, a influencia institucionista en Galicia e o “grupo de gallegos” ó que se refire Pijoán debe a súa formación máis ben a persoas de relevancia en Galicia vinculadas á ILE, tales como Justo Pelayo Cuesta, Manuel Pedregal y Cañedo e Eduardo Vincenti, xunto coas amistades fraguadas en San Victorio, preto de Betanzos⁴⁰. En *La Institución Libre de Enseñanza en Galicia* (1986) ocupabámonos xa extensamente desta cuestión. A presenza-influencia institucionista en Galicia segue pois, outros derroteiros. Sen embargo, e como veremos máis adiante, os sucesos que darían lugar á orixe da ILE comezaron con moito eco e repercusións, precisamente na Universidade de Santiago; e as relacións de Galicia coas xentes da ILE foron en determinados momentos moito máis intensas do que podería pensarse nun principio.

O encontro de Galicia co krausismo foi temperán. Mais, curiosamente, e como tamén precisa Purificación Mayobre, “as primeiras noticias que se tiveron en Galicia i en España do krausismo non chegaron, sen embargo, por medio dalgún discípulo de Krause, senón por un galego, por Ramón de la Sagra (1798-1871)”⁴¹, sen embargo engade que a difusión do mesmo como filosofía e como actitude ante a vida foi obra, fundamentalmente, de discípulos directos ou indirectos de Sanz del Río⁴². Pose Antelo sinala na *Gran Enciclopedia*

³⁹En “La Cristalografía en España”, do texto de José R. Carracido, *Estudios histórico-críticos de la ciencia española*, Madrid, Imprenta de “Alrededor del Mundo”, 1917, pp. 265-272, figuran datos interesantes sobre o labor de González Linares e Calderón na Universidade de Santiago, examinando e clasificando unha colección de 1024 modelos cristalográficos, cos que o abate Haüy agasallara en París ó que fora eminente nas ciencias físico-matemáticas e Geodesia, José Rodríguez González, natural de Bernés (Pontevedra). Despois da morte deste, a colección pasara á Universidade de Santiago, na que permaneceu practicamente esquecida dende 1846. Di o autor que, sen esta adquisición, seguramente Francisco Quiroga non inaugurase a ensinanza da cristalografía en España.

⁴⁰Gómez Molleda, *Op. cit.*, páp. 302-303.

⁴¹Purificación Mayobre, *Op. cit.*, p. 57.

⁴²Véxase Purificación Mayobre, “O Krausismo en Galicia”, en X.L. Barreiro Barreiro (coord.), *O pensamento galego na historia. Aproximación crítica*, Santiago, Servicio de Publicacións e Intercambio Científico da Universidade de Santiago de Compostela, 1990, p. 231.

Gallega que De la Sagra, que fora alumno do célebre Domingo Fontán na Universidade de Santiago, na asignatura de Matemáticas Sublimes, e que mantivo contactos con Casiano de Prado e José Varela de Montes, durante a época denominada da Idade de Ouro na ciencia galega, “en la capital belga conoció a Ahrens, discípulo de Krause, de cuyas doctrinas dio noticia en España antes que Sanz del Río”⁴³. E se recurrimos á documentación de hemeroteca, sen descuidar-la problemática da consulta da prensa para a investigación histórica, Borobó (un dos múltiples pseudónimos de Raimundo García Domínguez) nun dos seus substanciosos “Anacos Novos” recolle datos importantes deste coruñés que xa no curso 1839-40 do Ateneo de Madrid dera a coñecer algunhas ideas de Krause, nas súas *Lecciones de Economía Social*, e que, sendo deputado pola provincia da Coruña, referiuse outra vez á doutrina krausista nunha das intervencións no Congreso, singularmente á contida no *Curso de Derecho Natural* de Ahrens, ó que coñecera nalgunha das súas viaxes a Bélxica, tal como sinala en *Notas de viajes*⁴⁴. Borobó apunta que Sanz del Río puido deterse en París para recolle-la “carta de saludo y recomendación” que -segundo Carballal Pernas, en *Ideal político-social y penitenciario de Don Ramón de la Sagra*- lle dera De la Sagra a Sanz del Río para Heinrich Ahrens; datos que logo recolle González López en *Un gran solitario: D. Ramón de la Sagra*⁴⁵. Jiménez-Landi contempla igualmente a cita de don Ramón a Krause⁴⁶ e a súa participación entre 1836 e 1840, xunto con Pablo Montesino e Mesonero Romanos, na creación das escolas de párvulos. Recolle, sen embargo, unha necroloxía publicada por Giner no Boletín da Universidade de Madrid en 1874 (páxs. 452-457), onde se afirma que fora Gustavo Teichmüller, discípulo de Trendelenburg, o que dera a coñecer a Ahrens no noso país, con motivo da súa estada nel para realizar un estudio sobre a organización das universidades españolas; que por esta obra penetra o krausismo en España⁴⁷.

⁴³José Ramón Pose Antelo, “Sagra, Ramón de la”, *Gran Enciclopedia Gallega*, t. 27, pp. 152-155.

⁴⁴Trátase do libro de Ramón de la Sagra, *Notas de viajes, escritas durante una corta excursión a Francia, Bélgica e Alemania en el otoño de 1843*, Madrid, Imp. de La Guía del Comercio, 1844.

⁴⁵Véxase BOROBO, “Sagra, primer introductor de Krause”, *La Voz de Galicia*, 15-1-1987.

⁴⁶Ramón de la Sagra, *Lecciones de economía social*, Madrid, Ferrer, 1840.

⁴⁷Véxase Antonio Jiménez-Landi, *Op. cit.*, vol. I, pp. 34 e 41.



Casa natal de Montero
Ríos, na rúa dos Xasmíns,
en Santiago

En todo caso, para o estudo e contraste de datos sobre D. Ramón de la Sagra contamos coa abundante documentación que nos ofrece Ascensión Cambrón Infante. En *Ramón de la Sagra. El poder de la razón*, a autora maniféstase no sentido de que o seu racionalismo, no aspecto teolóxico, identificase co panteísmo de B. Spinoza e, ó seu modo de ver, tivo profunda incidencia na cultura galega da época e posterior, especialmente no pensamento de Concepción Arenal, Indalecio Armesto, Alfredo Vilas, Tomás Villanueva e outros; que quizais sexa a súa concepción relixiosa ecuménica a que tivo máis influencia en pensadores conscientes e non dogmáticos do seu tempo⁴⁸. O pasar revista á etapa europea do coruñés (1835-1856), di máis adiante que entre Proudhon e De la Sagra producíase unha coincidencia profunda, que por un lado era política, co rexeitamento á alternativa social que propoñían Marx e Engels, e tamén na deuda en común coa filosofía alemana de Leibnitz, Kant, Fichte e Schelling⁴⁹. Cre a autora que, en calquera caso, este home debe incluírse na antoloxía de “socialistas utópicos”⁵⁰. Nos “Apuntes biográficos” publicados nas Actas, con motivo do Congreso celebrado en París en 1992 sobre “Ramón

⁴⁸Véxase Ascensión Cambrón, *Ramón de la Sagra. El poder de la razón*, A Coruña, Vía Láctea, 1994, p. 9.

⁴⁹*Ibidem*, p. 40.

⁵⁰Véxase Ascensión Cambrón, “A sociedade futura e o socialismo racional de Ramón de la Sagra”, en X.L. Barreiro Barreiro, *Op. cit.*, p. 197.

de la Sagra y Cuba⁵¹, non achamos datos sobre o krausismo, nas frecuentes viaxes do coruñés a Europa, especialmente a Bélxica; recóllese, non obstante, na intervención de Guicharnaud-Tollis, que un dos momentos fundamentais da vida e pensamento de R. de la Sagra sitúase entre 1835 e 1840:

Después de su estancia en Cuba, como el socialismo racionalista de Colins lo condujo hasta una verdadera religión de la ciencia, se orientó preferentemente hacia el estudio de la sociedad. A partir de 1840, se interesa sobre todo por la reforma social de las colectividades humanas⁵².

Hai aquí aspectos que nos fan lembra-la filosofía de Krause. De todos modos, dos textos consultados non parece desprenderse, pois, unha relación concreta de D. Ramón coa filosofía krausista, agás os posibles contactos con Ahrens na Universidade Libre de Bruxelas.

Mais o “Foco krausista en Galicia” encontrou en Joaquín Sanromá y Creus, o grande mestre catalán de Eugenio Montero Ríos na Universidade compostelá, Profesor de Dereito Político, Administrativo e Economía Política durante o período de 1854 a 1858, a un dos primeiros representantes. Sanromá fora en Barcelona discípulo de Laureano Figuerola, que o iniciou no coñecemento de Ahrens. Figuerola presidiría máis tarde, en 1876, na Real Academia de Xurisprudencia e Lexislación, a primeira Xunta xeral de accionistas da ILE, unha vez que *El Imparcial* do 24 de maio, baixo o epígrafe “La Universidad libre”, publicara un solto no que informaba que a recente creada Institución contaba con 175 socios, que suscribían xa 201 accións. Naquela primeira xuntanza, Figuerola referiríase á nova entidade co nome de *Institución Libre de Enseñanza*, ata entón aceptado como provisional. E citou o antecedente -e modelo- da Universidade Libre de Bruxelas⁵³.

En *Mis memorias*⁵⁴, no Tomo II (1852-1868), recolle Sanromá unhas páxinas sen desperdicio sobre “aquellos veranos tan movidos”, seguidos de “unos tristes inviernos sosa-mente pasados”, explicando na Facultade de Dereito da Universidade de Santiago as asignaturas de Dereito político, administrativo e Economía política. Sobre o Dereito político, sinalaba que moitos contentábanse con estudia-los *fósiles* dos séculos XVII e XVIII: “Un

⁵¹Véxase Ramón de la Sagra y Cuba. *Actas del Congreso celebrado en París. Enero 1992*, Sada - A Coruña, Edición do Castro, 1992, vol. I.

⁵²Michèle Guicharnaud-Tollis, “Ramón de la Sagra y su contribución a las ciencias en Cuba”, *Ibidem*, p. 110.

⁵³Véxase Antonio Jiménez Landi, *Op. cit.*, tomo I, p. 379.

⁵⁴Véxase Joaquín María Sanromá, *Mis memorias*, Tomo II (1852-1868), Madrid, Tipografía de los Hijos de M.G. Hernández, 1894.

dómine de borla magna conocí yo que se encerraba, en su cuarto, con tres santos: San Grocio, San Vattel y San Burlamaqui. A todo lo demás le hacía *fú*, sacando las uñas”. En cambio,

Los profesores jóvenes, sin renegar de los viejos, teníamos otro calendario: San Ahrens y compañeros mártires... de la fe krausista. De Ahrens, con ciertas reservas, tomábamos la esencialidad del Derecho político: concepto y fin del Estado, noción de la soberanía y del Poder, formas de Gobierno, clasificación de las funciones del Poder, carácter y mecanismos de la Representación pública, estructuras constitucionales⁵⁵

Dos seguidores de Krause, engade que, ademais de Ahrens, completaba certos puntos con Tiberghien e Leonhardi. Das obras que extractaba para prepara-las clases, preguntase o mesmo Sanromá, como explicarse a relativa pobreza de textos, nunha asignatura de tanta transcendencia. Da contestación daríase conta máis tarde; no fondo, no subsolo, xerminaba a idea democrática:

En las alturas, en la esfera de las abstracciones filosóficas, la idea democrática tomaba también especiales rumbos, bajo la dirección de ingenios sutilísimos que ahondaban, o adelgazaban, o planteaban, o analizaban, o resolvían el problema político, con diversidad de criterios: maestros que tomaban por base el Derecho natural; otros, la Filosofía del Derecho: Hegel, Gerlach, Krause, Stahl, Gros, Hogo, Zachariae, Krug y Von Rotteck. Todos alemanes; lo cual bastaba para que fuesen poco conocidos por estas tierras

A cuestión, claro está, afectaba á composición do mapa político da Europa de entón, e, máis concretamente, ó noso país. Pero, recalca Sanromá, “cuando yo explicaba Político, en la Universidad de Santiago, tenía que arreglarme solito al tratar aquellos problemas”. Da materia de Dereito Administrativo di que non chegou a conxeniarse cos textos admitidos, polas súas tendencias doctrinarias e polo seu método. En canto á de Economía política, a ocasión non podía ser máis favorable: “La hija de Adam Smith había entrado en sus lozanías: estaba en su momento psicológico”.

Dos discípulos de Sanromá en Santiago, dous son os que cita como máis notables: Montero Ríos e Alvarez Bugallal, que chegaron a ministros. Do segundo considera soamente que na súa primeira xuventude, anunciaba xa as privilexiadas dotes de xuriscosultante e publicista. Este galego nado en Santa María de Areas (Ponteareas), debeu ser pouco tempo discípulo de Sanromá, xa que en 1854 trasladouse a Madrid, onde rematou a licenciatura. Estivo unido a Cánovas e faleceu pronto, en 1885. Non foi seguidor da ILE.

⁵⁵*Ibidem*, páx. 288. As citas seguintes son tomadas das pp. 288-306.

Interésanos máis Montero Ríos⁵⁶, de quen Sanromá afirma que “era el primero en todas las clases y nadie se hubiera atrevido a disputarle aquel puesto”. E entre as “cortesias polémicas” nas que se enleaban, cita o autor unha a propósito do matrimonio civil, tema sobre o que volveremos máis adiante. Non é de estrañar, pois, que algúns anos máis tarde, en 1861, Montero Ríos fixera manifestación da súa heterodoxia en Santiago, no discurso de acceso á cátedra sobre *Ultramontanismo* e *Cismontanismo*, rexeitado por Jacobo Gil Villanueva, encargado de contestarlle⁵⁷.

O igual que sucedería despois, coa chegada dos discípulos de Giner, as ideas de Sanromá tiveron como resultado o enfrontamento co clero compostelán:

No me faltaron disgustos en Santiago. El Clero, no pudiendo perdonarme mis campañas contra las influencias teocráticas, me ponía de vuelta y media en sus cenáculos. Gracias a sus intrigas, no me fue posible fundar, en Santiago, una Academia de Legislación y Jurisprudencia. En cambio, cierto alto dignatario de la Catedral se dedicó a reclutar jóvenes para obras benéficas (...) Era aquello, como supondrá el lector, un toque de llamada al bando de los neos, a fin de tenerlos, llegado el caso, instruidos y regimentados como instrumentos políticos. La gente maliciosa, en su afán de dar motes a todo, llamaba a aquellos pobres muchachos la *Juventud* de los benéficos⁵⁸

Entre os krausistas galegos, outra figura a penas citada foi Juan Sieiro González (1835-1893), ó que Couceiro Freijomil xa prestou atención no seu *Diccionario bio-bibliográfico de escritores gallegos*, se ben situándoo entre os adeptos ó krausismo cunha moderada postura ecléctica. Do ourensán oriúndo de Santo Tomás de Maside, lévanse ocupado Purificación Mayobre⁵⁹ e Ramón López Vázquez⁶⁰. Os dous sacan á luz datos importantes sobre

⁵⁶Eugenio Montero Ríos naceu en Santiago, en 1832, “un martes y un trece de noviembre” en “la modesta casa paterna de la calle de los Jazmines”, no dicir de José Antonio Durán, na voz sobre o autor na *Gran Enciclopedia Gallega* (t. 21, p. 190). Fronte ó que se podería pensar hoxe, a zona era, sen embargo, un enclave importante non lonxe da Catedral, cunha clase social moi dinámica, basicamente de profesións liberais. Agradézolle a Francisco R. Durán Villa, compañeiro no cercano centro de Maxisterio, pola desinteresada información sobre o particular.

⁵⁷Véxase *Discursos leídos ante el claustro ordinario de la Universidad de Santiago* en la recepción solemne del Doctor D. Eugenio Montero Ríos, catedrático de Disciplina Eclesiástica en el 17 de marzo de 1861. Purificación Mayobre fai tamén referencia a estes feitos nas obras citadas.

⁵⁸Joaquín María Sanromá, *Op. cit.*, p. 304.

⁵⁹Véxase Purificación Mayobre, *O Krausismo en Galicia e Portugal*, *op. cit.*, pp. 65-79. Hai tamén algúns datos no seu citado traballo anterior, “O Krausismo en Galicia”, en *O pensamento galego na historia*, pp. 234-235.

⁶⁰Ramón López Vázquez, *A filosofía krausista en Galicia*, Xunta de Galicia, Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias “Ramón Piñeiro”, 1994.

o ilustre ourensán. De seguida do seu paso polo Instituto e polo Seminario de Ourense, estudou Filosofía e Letras en Madrid e Teoloxía en Toledo. Na capital, entre outras experiencias docentes, crearía un colexio particular no que explicou Nicolás Salmerón. Foi Catedrático de Latín e Grego no Instituto de Pontevedra primeiro, e de Lóxica e Ética no de Ourense, dende 1865. Do seu labor de publicista, destacan os traballos no xornal *El Alerta*, de Pontevedra, no que, segundo a citada autora, amosa, entre outras cuestións, as súas preocupacións krausistas pola educación e pola defensa da propiedade como un dereito natural. Despois, ademais da publicación de obras concretas, continuou co exercicio xornalístico en periódicos como *El Eco del Liceo*, de Ourense, e *La Ilustración Gallega y Asturiana*, onde deixou a impronta da súa afiliación á filosofía krausista. Sieiro, considerado como o krausista galego que máis escribiu sobre temas puramente filosóficos, identifícase co método, no que distingue as dúas partes, Analítica e Sintética, na consecución do coñecemento do Ser Absoluto. Sobre o feito de que o noso krausista galego non figure citado no movemento ó redor de Sanz del Río na capital de España, di López Vázquez que Sieiro “tenta enganchar directamente cos ‘protokrausistas’ -Krause, Ahrens, Tiberghien-, e nunca co krausismo feito e adaptado por Sanz del Río (...) a ‘ecclesia’, ‘grande familia’, ‘irmandade’, etc., xineriana (...) non considerou a Sieiro coma membro natural”. Sen embargo Sieiro quen “xa se tiña iniciado en Compostela neste espírito, nunca chegou á identidade total co grupo”⁶¹.

4. As “Cuestións Universitarias” en Santiago de Compostela e a orixe da ILE

Sinala Díaz-Fierros Viqueira que no período de 1833 a 1868 coinciden na Universidade de Santiago Varela de Montes, Casiano de Prado e Ramón de la Sagra. A esta xeración incorporáronse Casares, Gil Rey, Planellas, Valenzuela, Sotelo e López Seoane. O núcleo fundamental encontrábase vinculado, arredor de 1840, á Universidade e á Sociedade Económica de Amigos do País de Santiago. Politicamente, a época inscríbese na controversia moderados-liberais que precedeu á Revolución de 1868. En xeral, o grupo compostelán era de filiación moderada, anque existiron decididos liberais como Valenzuela Ozores, profesor de Historia Natural no Instituto de Pontevedra, ou, sobre todo, o catedrático de Farmacia, Esteban Quet. Coa chegada da Restauración, pódese dicir que existía unha separación dos científicos polo seu pensamento político: Piñeiro Herba, Romero Blanco,

⁶¹*Op. cit.*, pp. 27-28.

Eleizegi e Sánchez Freire, na ala conservadora, mentres que Maximino Teijeiro, González Olivares, Vila Nadal e Varela de la Iglesia militaban en diferentes grados do progresismo⁶².

Vaiamos á primeira “Cuestión Universitaria”, que se inicia en 1865, e que deu lugar á calificada por Pérez Galdós “*usque in aeternum*, Noche de San Daniel”. Según Portabales Vázquez, se nos atemos ás canles oficiais de comunicacións, non se produciron na Universidade compostelá repercusións polo sucedido en Madrid⁶³; soamente un artigo moi posterior de José Millán Astray, ó referirse a tales datas, di:

“Recuerdo aquellas fechas tristes, memorables; nosotros los estudiantes santiagueses quisimos hacer acto de solidaridad: ¡buenos eran los tiempos! El Rector, nombrado por el Gobierno libremente, un D. Juan José Viñas, gran admirador de Calomarde, no nos dejó ni respirar, y, como medida precautoria, nos encerró a cuatro o cinco en unas habitaciones lóbregas, que más tenían de calabozos que de cuarto de corrección”⁶⁴

Pero a chegada da “Revolución de Septiembre”, supuxo, ó igual que no resto da xeografía española, un forte revulsivo da calma na que se encontraba Santiago, dominada, en xeral, por unha actitude filosófica de corte tradicional. Esteban Quet, encargado da Lcción Inaugural do Curso Académico 1868-69, dábase présa en cambia-lo traballo que tiña preparado dende 20 días antes sobre *Pesas y medidas españolas*, por outro moito máis breve, de dez páxinas en formato reducido, co que saúda a nova Xunta revolucionaria:

Ilmo. Sr.- Señores.-Un grito de ¡*Libertad!* ha resonado en todos los ámbitos de la península, y cual devastador huracán ha roto de un golpe las vetustas y repugnantes cadenas del despotismo que oprimía el corazón de todos los españoles (...) ¡*Libertad de enseñanza!* (...) El profesor, dueño de sí mismo en su cátedra, podrá ya emitir libremente sus pensamientos, que como hombre de ciencia, hijo y padre a la vez de la ciencia misma, identificará constantemente con ella (...) El profesor, dueño de sí mismo en su cátedra, ya no temerá delaciones inicuas (...) ¡Paso, pues a la *Libertad* y paso a la *Ciencia*, que es su hija predilecta, así como su más poderosa áncora! (...) ¡La *Libertad de Cultos!* He aquí otra de las conquistas que al parecer realizará nuestra regeneración política (...). Yo saludo, pues, desde este sitio con toda la efusión de mi alma la aurora de esos dos principios, que involucran de hecho el de la *Libertad de imprenta* (...)”⁶⁵

⁶²Véxase Francisco Díaz-Fierros Viqueira, “La cultura científica”, en X. R. Barreiro Fernández e outros, *Los Gallegos*, Madrid, Istmo, 1976, pp. 444-451.

⁶³Véxase A.J. Portabales Vázquez, *La Universidad de Santiago durante el Sexenio Revolucionario*, Memoria de Licenciatura, Universidade de Santiago, Facultade de Xeografía e Historia, 1982.

⁶⁴*El Eco de Santiago*, 4-3-1914 (cit. por Portabales Vázquez, *Op. cit.*, p. 53).

⁶⁵*Breve discurso leído por el Doctor don Esteban Quet, Catedrático de la Facultad de Farmacia, en la solemne apertura del año académico de 1868 a 1869, en lugar del que sobre PESAS Y MEDIDAS ESPAÑOLAS estaba impreso y encuadernado á dicho objeto*. Santiago, Est. Tip. de Manuel Mirás y Alvarez, 1868.


O movemento de alteracións que se vivía por entón non se reducía á cidade compostelá, senón que acadaba a toda Galicia. Emilia Pardo Bazán, en *Los Pazos de Ulloa*, novela naturalista da que afirma Pierre Jobit que acusa influencias krausistas, reflexa o ambiente que reinaba naqueles anos de conmocións políticas entre a sociedade galega, dominada polo caciquismo:

La conmoción del choque llegaba a todas partes, sin exceptuar las fieras montañas que cercan a los pazos de Ulloa. También allí se politiqueaba. En las tabernas de Cebre, el día de la feria, se oía hablar de libertad de cultos, de derechos individuales, de abolición de quintas, de federación, de plebiscito -pronunciado como Dios quería, por supuesto-. Los curas, al terminar las funciones, entierros y misas solemnes, se demoraban en el atrio, discutiendo con calor algunos síntomas recientes y elocuentísimos (...) Gobernaban a la sazón el país los dos formidables caciques, abogado el uno y secretario el otro del Ayuntamiento de Cebre; esta villita y su región comarcana temblaban bajo el poder de entrambos (...) ninguno de los dos adversarios tenía ideas políticas, dándoseles un bledo de cuanto entonces se debatía en España; mas, por necesidad estratégica, representaba y encarnaba cada cual una tendencia y un partido: *Barbacana*, moderado antes de la revolución, se declaraba ahora carlista; *Trampeta*, unionista bajo O'Donnell, avanzaba hacia el último confín del liberalismo vencedor⁶⁶.

Sabido é que a protesta universitaria que daría orixe á Institución Libre de Enseñanza empezou en Santiago de Compostela. Augusto González Linares, Catedrático de Historia Natural da Facultade de Ciencias dende 1872, e Laureano Calderón, Catedrático de Farmacia Químico-Orgánica dende 1874, ámbolos dous discípulos de Giner e, polo tanto, seguidores do krausismo, foron os protagonistas. O 5 de marzo de 1875, os dous profesores dirixiron ó Rector D. Antonio Casares sendas comunicacións de protesta polo contido antilegal do Real Decreto e da Circular que o Ministro de Fomento, Manuel de Orovio -que segundo Pérez Galdós tiña, ademais da teima polos chalecos, a de eternizarse en Fomento para mingua-la liberdade no ensino- publicara o 26 de febreiro do mesmo ano, limitando as facultades do profesorado na cátedra⁶⁷.

⁶⁶Citamos por Emilia Pardo Bazán, *Los Pazos de Ulloa*, Madrid, Alianza Editorial, 1981, novena edición, pp. 218-220.

⁶⁷O Real Decreto e a Circular de Orovio foron inseridos, dun xeito moi significativo, no *Boletín Oficial Eclesiástico del Arzobispado de Santiago*, do 22 de abril, (por non teren cabida nos números anteriores, como se di), "para que sirvan de gobierno a los Sres. Curas párrocos y demás sacerdotes encargados de velar por la pureza y santidad de la doctrina que se enseña en las escuelas y demás establecimientos de educación" (pp. 100-105).



Fragmento dunha carta de Laureano Calderón a Giner

(B.R.A.H. Fondo Giner de los Ríos, Caixa 2, Sobre 1875)

González Linares fundou a negativa a cumpri-lo decreto e a circular en que “no puede el actual Gobierno exigir obediencia a mandato tan fuera de razón, si no es infringiendo y quebrantando contra todo derecho la constitución de 1869 y la Ley de 20 de junio del mismo año”, que o Gabinete-Rexencia de Cánovas non derogara. Pola súa parte, Laureano Calderón, di que “(...) no he sido nombrado Profesor para formar catecúmenos de ningún sistema político, sino para enseñar ciencia, en la que se busca la verdad, sin distinción de orígenes”; que a misión do profesor “no es reunir un auditorio de esclavos, sino una concurrencia de auxiliares para su obra interesados en un mismo fin”⁶⁸. Comenzaba, así, a que se vén coñecendo como “Segunda Cuestión Universitaria”.

⁶⁸ ARQUIVO HISTORICO UNIVERSITARIO DE SANTIAGO. Sección Libros de Archivo: A 178, Libro 2 de Actas del Consejo Universitario (1872-78), fol. 85 e seguintes.

Non imos estendernos neste suceso, por dispoñer de ampla información sobre o mesmo⁶⁹. Soamente recordar-lo precipitado dos acontecementos: O 6 de marzo, o Rector contesta, “rogándoles que meditando mejor el contenido de sus comunicaciones recibidas ayer, digan si las ratifican de nuevo o se hallan dispuestos a cumplir el decreto y la circular”. O día seguinte, 7 de marzo, ratifícanse unha vez máis na postura. O 8 de marzo, o Rector dicta os correspondentes oficios de suspensión. Iníciáanse axiña as dilixencias para a formación dos oportunos expedientes, que foron presentados e aprobados en sesión do Consello Universitario de 20 de marzo. Con esa mesma data remítenselle os pregos de cargos, do que, -non debemos pasar por alto o adxectivo- o propio Consello Universitario califica de “¡lamentable expediente!”. En sesión do 27 de marzo, dábase lectura ós oficios de González Linares e Calderón. A resposta do segundo é algo menos extensa da do primeiro. Procédese inmediatamente a unha votación nominal. O Rector e os decanos de Dereito e Farmacia votaron que se propuxese ó Goberno a separación. O Decano de Medicina, o Director do Instituto e o Director da Escola Normal votaron soamente pola suspensión indefinida, mentres persistisen na súa negativa. En virtude do empate, o Rector decidiu que procedía a separación. O acordo foilles comunicado o 30 de marzo. Figura como Secretario Xeral Augusto Milón. Acto seguido, o expediente pasou ó Ministerio e deste ó Consello de Instrucción Pública. Alí houbo que celebrar dúas reunións e ata unha terceira extraordinaria, o 9 de abril. Un Real Decreto do 12 de abril dábaos de baixa na escala.

As noticias do que estaba sucedendo en Santiago chegaron rapidamente á Universidade de Madrid. Alí protestarían Giner de los Ríos, Salmerón, Gumersindo de Azcárate, Montero Ríos e outros. A actitude dos de Santiago foi secundada igualmente por Manuel Varela de la Iglesia e por Enrique Fatigati, os dous do Instituto da Coruña. Tamén Ramón Varela, irmán do anterior, que casaría con dona Mercedes Gil Ruibal, de Tui, foi un dos máis activos iniciadores da protesta, e, en dicir de Jiménez-Landi, o máis vinculado sempre de tódolos Varela de la Iglesia á ILE. Así e todo, tal vez no fragor e no anoxo daqueles días, escribíalle Calderón a Giner, o 29 de xuño:

(...) respecto a Ramón Varela, te diré que su actitud me ha cortado las alas del corazón, se halla doscientos codos por debajo de su hermano Manuel en esto, no me refiero a la protesta que creo no hará, sino al tono general de su conversación en que desapareció el fisiólogo y apareció el médico gallego. Respecto a Carracido (...) tengo motivos para sospechar que está con los que

⁶⁹Poden consultarse os Apéndices do meu traballo anterior *La Institución Libre de Enseñanza en Galicia*, op. cit., p. 471 e seguintes. Tamén outros estudos, entre eles, os de Cacho Viu e Jiménez-Landi.

pueden dar algo ¡Oh bella juventud del cargo y data, cómo os envidio desde mis días de todo el año (...)⁷⁰

O Goberno mostrouse duro con Giner, que sería confinado en Cádiz, no Castelo de Santa Catalina. Lemos na prosa característica da *Historia de España* de Pi y Margall:

Presentóse el 1º de Abril en casa del señor Giner un comisario de policía, acompañado de varios agentes, y sin respetar la circunstancia de hallarse el señor Giner enfermo, le hizo vestir apresuradamente, y sin permitirle comunicarse ni aun con su médico, ni que le acompañara persona alguna de su intimidad, le condujo a la estación del Mediodía, le metió con dos agentes en un coche de segunda del tren mixto, y así se vio el catedrático ilustre conducido a Córdoba, desde donde fue luego trasladado a Cádiz a las órdenes del gobernador y en calidad de desterrado⁷¹

Azcárate, igualmente, emprendeu o camiño do desterro cara Mérida e logo Cáceres. Salmerón, sae para Lugo o 6 de abril, ó abri-lo día; en razón a ser con anterioridade Presidente da Primeira República, contou cunha certa deferencia, tanto no traslado coma na estancia:

La estación hace agradable este clima. Algo de ese sol aquí y de esta lluvia ahí y sería excelente. País montañoso, mucho verde: pastos, centeno, legumbres, algunos castaños y robles comienzan a echar hojas, las márgenes del Miño que nunca son las de esos ríos, son, sin embargo, lo más ameno. La población inculta, no hay con quién hablar⁷².

Mentres Linares e Calderón, ó protestar polos malos tratos infrinxidos a Giner, eran privados de liberdade rapidamente no Castelo de San Antón, na Coruña, Manuel Varela de la Iglesia era desterrado a Xixón. Montero Ríos sairía mellor parado. Sen embargo, e como apunta agudamente Varela Ortega en *Los amigos políticos*,

(...) no hay que quedarse sólo con el chascarrillo del beato pueblerino. La de Orovio (...) fue también una maniobra de cierto porte jesuítico destinada a cortar los puentes que Cánovas afanosamente intentaba tender a su izquierda. La circular iba personalmente orientada contra un conocido catedrático y político Radical, Eugenio Montero Ríos, blanco en el que concentraba la

⁷⁰ Biblioteca da Real Academia da Historia (B.R.A.H.), *Fondo Giner de los Ríos*, Caixa 2, Sobre 1875.

⁷¹ Francisco Pi y Margall e Francisco Pi y Arsuaga, *Historia de España en el siglo XIX. Sucesos políticos, económicos, sociales y artísticos, acaecidos durante el mismo. Detallada narración de sus acontecimientos y extenso juicio crítico de sus hombres*, Barcelona, Miguel Seguí, 1902, t. VI, pp. 28-29.

⁷² Datos tomados de Pablo de Azcárate, *La Cuestión Universitaria. Epistolario de F. Giner de los Ríos, Gumersindo de Azcárate y Nicolás Salmerón. Introducción, notas e índices*, Madrid, Tecnos, 1967, p. 80.

furia de la opinión católica, pues, como ministro de Justicia después de la Revolución del 68, se le hacía responsable de la Ley de Matrimonio Civil y de la que liberalizó la enseñanza (...) era precisamente Montero Ríos una de las personas con quien Cánovas intentaba entrar en conversaciones⁷³

Parece claro que contra González Linares e Calderón actuouse con medidas represivas demasiado apresuradas ¿Cales puideron se-las causas? Hai que ter en conta que a chegada dos dous krausistas á Universidade de Santiago supuxo un revulsivo no ambiente intelectual galego. Estes homes estorbaban. O atrevemento a explicar nas súas charlas e conferencias as modernas teorías da evolución chocou extremadamente co pensamento tradicional que dominaba naquela cidade e naquela Universidade, pequenas unha e maila outra. En fronte, a configuración do Clero. Non debemos descuidalo feito, como se ten repetido, de que aínda en 1859 publicara Darwin *On the Origin of Species by Means of Natural Selection, or the Preservation of Favoured Races in the Struggle for Life*, e que, en 1871, o mesmo autor daba a coñecer *The Descent of Man and Selection in Relation to Sex*, traducida a segunda máis tarde (*El origen del hombre y selección en relación con el sexo*) e a primeira en 1877 (*Sobre el origen de las especies...*). Charles Darwin sería un dos primeiros profesores honorarios da Institución Libre⁷⁴. Pois ben, cando González Linares foi nomeado Catedrático de Historia Natural en Santiago, en 1872, pronto produciu impacto nos medios universitarios composteláns: “El joven profesor llamó en seguida la atención del vecindario de la ciudad porque era de trato desenvuelto, temperamento fogoso, palabra abundante y hasta atuendo particular. Las lecciones eran elocuentes (...). Pero, ¡ay!, lo malo era la doctrina”, dinos Caro Baroja⁷⁵. Dende logo, a doutrina significaba una “perigosa novidade”; non debemos esquecer que “ni Darwin ni Haeckel entraron en la Biblioteca General de la Universidad de Santiago en todo el siglo XIX”⁷⁶.

En “La doctrina de la evolución en la Universidad de Santiago (Un recuerdo de mi vida estudiantil)”, Rodríguez Carracedo evoca aqueles tempos. Refírese á conferencia á que foi invitado González Linares pola Academia Escolar de Medicina, no salón artesoadado de

⁷³ José Varela Ortega, *Los amigos políticos. Partidos, elecciones y caciquismo en la Restauración (1875-1900)*, Madrid, Alianza Editorial, 1977, p. 104.

⁷⁴ Véxase o Suplemento ó número 37, pág.5, t. II (1878) do *BILE*. Figuran alí, no Prospecto do curso 1878-79, Tyndall, Röder, Darwin e Tiberghien como profesores honorarios.

⁷⁵ Julio Caro Baroja, “El miedo al mono o la causa directa de la ‘cuestión universitaria’ en 1875”, en *En el Centenario de la Institución Libre de Enseñanza*, Madrid, Tecnos, 1977, p. 29.

⁷⁶ José Ramón Barreiro Fernández, María Rosaura Rodríguez Díaz e Luz Ruibal Sobral, “El evolucionismo en Galicia en el siglo XIX”, *Compostellanum*, XVI (1971), p. 540.

Fonseca. Estudiantes e catedráticos de tódalas Facultades, persoas alleas á Universidade e ata algúns eclesiásticos, invadiron o salón “con más desexo de emocións que de doutrina”. E as emocións chegaron. Murmuros de protesta e aplausos. Pero a atmosfera estaba preparada pola excitación mental consecutiva á revolución política e pola boa nova científica de González Linares, primeiro apóstolo do darwinismo no ámbito universitario compostelán:

Con el mismo calor con que se venían discutiendo la soberanía nacional y la separación de la Iglesia y el Estado, empezó a discutirse en los círculos intelectuales la mutabilidad de las especies y el origen simio del hombre, no siendo raro oír a grupos de estudiantes, en sus paseos por la Herradura, por la Rúa del Villar o por el Preguntoiro, disputar acerca de la lucha por la existencia, de la selección natural y de la adaptación al medio, invocando los testimonios de Darwin y de Haeckel!⁷⁷

Contra a “fe científica do momento” álzase a “fe relixiosa do momento”. E a Igrexa Compostelá replicou de contado. Así interpreta Alonso Montero o traballo “El materialismo”, publicado en sete números consecutivos do *Boletín Oficial Eclesiástico del Arzobispado de Santiago*, do 10 de febreiro ó 10 de abril de 1873, dez meses despois da “audacia pioneira” de González Linares⁷⁸. Polo demais, a propia Universidade viña mantendo unha actitude de rexeitamento oficial ó tema. Os discursos inaugurais serían sempre encomendados a catedráticos contrarios ó evolucionismo, dende o de Planellas Giralt (*Discurso Inaugural de 1859 a 1860*) ata o de Romero Blanco (*Discurso Inaugural de 1892 a 1893*), pasando polos de Gerónimo Macho (*Discurso Inaugural del año 1876-77*) e o de Piñeiro Herba (*Discurso Inaugural 1882-83*). A postura de Romero Blanco, tres veces Rector da Universidade, preséntasenos contradictoria, entre ciencia e crenza ou práctica relixiosa. O mesmo Laureano Calderón xa se queixaba a Giner naqueles días aciagos:

¡Que hombres! Teijeiro, materialista radical y libre-pensador (!!), Garagonza, el Condillac de Farmacia, Quet el bebedor de sangre, Romero Blanco, el Darwinista y Häckeliano, todos aceptando sumisa y alegremente los decretos! Algunos han alumbrado en las procesiones de vienes Santo, otros (Romero Blanco) han puesto en un periódico la apología más grosera y servil del sermón del Arzobispo; todos rehuyen nuestra conversación como si temieran que los corviríamos!⁷⁹

⁷⁷ José R. Carracido, *Estudios Histórico-Críticos de la Ciencia Española*, Madrid, Imp. de “Alrededor del Mundo”, 1917, 2ª ed., pp. 294-75.

⁷⁸ Xesús Alonso Montero, “Darwin en Santiago de Compostela (y los orígenes de la Institución Libre de Enseñanza)”, *Los Cuadernos del Norte*, 13 (1982), p. 4.

⁷⁹ B.R.A.H., *Fondo Giner de los Ríos*, Caixa 2, Sobre 1875.

Pero, estes homes estorbaban así mesmo por outro principio krausista, o da honradez. Estorbaban polo seu comportamento diante do *modus vivendi* que dominaba nas aulas. Laureano Calderón, na súa correspondencia con Giner, láíase da escasa preparación dos alumnos. Tamén González Linares ten problemas co alumnado, ó mostrarse esixente na cátedra. Incluso lle escriben cartas en actitude violenta. Na seguinte, que tomamos de Caro Baroja, poden observarse alusións krausistas e darwinistas:

El cuerpo escolar está escandalizado de tus explicaciones (sic) heréticas, de tus quijotadas y de tus pedantescas elucubraciones.

Galicia cuna de tantos sabios, tierra clásica de hidalguía, no necesita que un pasiego, un montañés salido de la nada venga a echárselas de Padre grave y de un Sócrates, cuando ayer le hemos visto un Ciruelo, un verdadero quidán. Odiamos las doctrinas y las ideas de V. que son heréticas y condenadas por la doctrina de Jesucristo. Aborrecemos a Kan (sic), cuya filosofía es el ídolo de V. porque queremos vivir y morir cristianos. Procure V. señalar libro de texto y no espere a que sus amigos traduzcan con V. alguno alemán o francés p^a comerciar según acostumbra los profesores noveles. No venga luego con exigencias ridículas al fin de curso, porque hará lugar a que publiquemos su biografía. Déjese de sandeces, censurando a Linneo, a Cuvier y demás sabios naturalistas, y ante ellos incline V. la cerviz pues si no fueran sus obras nada sería V.⁸⁰

5. Nace a ILE. A participación galega

Dende Lugo, Nicolás Salmerón escribiu a Giner o 4 de maio: “bien necesitamos pensar en el porvenir si esto se prolonga (...) Por cualquier modo ocúpese V. en redactar las bases de la Fundación de los Estudios libres y podemos ganar tiempo”. Documentalmente esta carta constitúe o embrión da futura Institución. Despois virían os intentos de creación dunha Universidade libre en Xibraltar. Pero ó final, elíxese Madrid.

Estamos en 1876. Os profesores expedientados xa voltaran do seu desterro. Nese mesmo ano promúlgase unha nova Constitución. Ademais da tolerancia de cultos proclamada no art. 11: “Nadie será molestado en el territorio español por sus opiniones religiosas ni por el ejercicio de su respectivo culto, salvo el debido respeto a la moral cristiana”, o artigo seguinte -amplamente debatido no segundo parágrafo por liberais, ultramontanos e conservadores- abría unha porta, pola que se crea a ILE: “Cada cual es libre de elegir su profesión y aprenderla como mejor le parezca. Todo español podrá fundar y sostener establecimientos de instrucción o de educación con arreglo a las leyes”. A ILE era a mellor resposta á política de Orovio.

⁸⁰J. Caro Baroja, *Op. cit.*, pp. 35-36.

Co nacemento da Institución Libre de Enseñanza existiron personaxes galegos cun evidente carácter de protagonistas nesta grande empresa. Montero Ríos foi primeiro Vicedirector da ILE e Rector no curso 1877-78, encargado, asemade, dun curso sobre "Historia Universal de la Iglesia", pertencente ó Doutoramento; Eduardo Chao substituíu a Juan Anglada no cargo de Tesoureiro na Institución o 1 de xaneiro de 1878; Justo Pelayo Cuesta foi Vicepresidente do primeira Xunta Directiva, Profesor de Dereito nos Cursos de Doutoramento e terceiro Rector da ILE no curso 1878-79, substituíndo a Eugenio Montero Ríos. Dúas egrexias mulleres galegas colaboraron tamén nos inicios da ILE: Concepción Arenal e Emilia Pardo Bazán, sen pertencer necesariamente ó grupo filosófico de Giner.

Respecto ós accionistas da ILE, debemos sinalar que a maioría eran persoas que gozaban dun certo desafoego económico. Quedou determinado que se consideraría socio da Institución a todo aquel que suscribira polo menos unha acción, cun importe de 250 pesetas. Tratábase dun sector moi amplo que procedía de campos diversos, en xeral descontentos co conservadurismo de Cánovas; xunto ó numeroso grupo de simpatizantes krausistas, había republicanos, banqueiros, militares, positivistas que rivalizaban intelctualmente cos krausistas, etc⁸¹. Dos relacionados con Galicia, podemos mencionalos seguintes⁸²:

Alvarez Bocalandro (D. Juan). Ferrol

Andrés Moreno (D. Patricio de), Capitalista e Propietario. Santiago

Avila Rodríguez (D. Tiberio), ex Diputado. Viana do Bolo

Cavallería (D. Andrés de la), ex Alcalde de Ribadeo

Cobos (D. Tomás), Propietario. Lugo

Cuesta (D. Justo Pelayo), nado en Marín, ex Diputado e ex Senador

Chao, (D. Eduardo), nado en Ribadavia, ex Ministro de Fomento

Estévez (D. Juan Francisco), Ourense

Galán (D. Santos). Ferrol

García Carrasco Arenal (D. Fernando), Enxeñeiro de Camiños

García Escudero (D. Valentín), Notario e ex Diputado. Pontevedra

⁸¹Véxase Teresa Rodríguez de Lecea, "La Escuela de la Institución", *Historia*, 16, 49 (1980), p. 69.

⁸²Datos tomados do *Boletín de la Institución Libre de Enseñanza*, VII (1883), pp. 160, 176, 192, 208, 224, 240, 256, 272, 288, 304, 320 e 336, completados na súa localización cos ofrecidos por Antonio Jiménez-Landi, *La Institución Libre de Enseñanza y su ambiente*, t. I, pp. 514-521.

Gasset y Artime (D. Eduardo), nado en Pontevedra. Escritor e ex Ministro

Loureda (Sr. Marqués de), Banqueiro, 2 accións, A Coruña

Méndez Brandou (D. Eduardo), ex Diputado. Celanova

Montero Ríos (D. Eugenio), nado en Santiago, ex Catedrático

Montero Tellinge (D. Juan), ex Senador. A Coruña

Moreno Barcia (D. Segundo), Avogado, ex Diputado. Ribadeo.

Rodríguez (D. Gaspar), ex Director de Instrucción Pública. Ferrol

Teijeiro Fernández (D. Maximino), Santiago

Temes Trujeda (D. Joaquín), Médico. Pontevedra

Varela (D. Anselmo). Ferrol

A lista non é doada de concretar, por canto poden quedar fóra personaxes relevantes que, sen ser necesariamente galegos, tiveron unha relación estreita con Galicia e favoreceron o proceso de introducción do institucionismo na nosa terra, como sería o caso do asturiano Manuel Pedregal y Cañedo, ou tamén Salustio Víctor Alvarado⁸³. O mesmo tempo, outros nados circunstancialmente en Galicia, os emigrados moi cedo ou parentes seus, instalados principalmente en Madrid. Unha boa pista para establecer relacións é o seguimento dos suscritores de Galicia ó Boletín da ILE, que nace en 1877⁸⁴.

⁸³Salustio Víctor Alvarado figura na lista de accionistas, na 1ª e 2ª Emisión (*BILE*, VII (1883), pp. 240 e 320). Sobre os Alvarado, de ascendencia galega, ofrécenos ampla información de moito interese Isabel Cantón Mayo, en *La Fundación Sierra-Pambley. Una Institución educativa leonesa*, León, Secretariado de Publicaciones de la Universidad de León, 1995, pp. 179-221. Figuran alí datos sobre os irmáns Juan e Ventura Alvarado -fillos de Salustio Víctor- na Escola Mercantil e Agrícola de Villablino. O primeiro casaría en 1907 con Luisa de la Vega, viúva de Augusto González Linares e grande amiga de Carmen López-Cortón, a dona de Cossío. No noso traballo anterior sobre *La Institución Libre de Enseñanza en Galicia* constatarámos xa a presenza de Juan e Francisco Alvarado (probablemente outro irmán) en Viveiro (Lugo), dende onde mantiveron correspondencia con Giner. Non debemos esquecer esta zona de Galicia no conxunto de relacións coa ILE. De Viveiro eran tamén os pais de Angel do Rego Rodríguez, alumno da primeira promoción institucionista de ensinanza primaria e vinculado sempre á ILE, xunto coa súa dona Elvira Alonso Moreno, unha ex alumna da Asociación para la Enseñanza de la Mujer; ámbolos dous dedicaron sempre os seus esforzos á organización das Colonias Escolares en San Antolín de Bedón (Asturias) (véxase Antonio Jiménez-Landi, *Op. cit.*, t. III, pp. 574-75).

⁸⁴Véxase a nosa achega, "Suscripciones de Galicia al Boletín de la Institución Libre de Enseñanza", en *La Institución Libre de Enseñanza en Galicia*, op. cit., pp. 105-106. coas correspondentes notas. Deixamos para outra ocasión o seguir profundizando neste tema.

Figuran na anterior relación destacados liberais como Segundo Moreno Barcia, que, de acordo cos datos ofrecidos por Moreno González⁸⁵, dende abril de 1889 exerceu a presidencia da sociedade librepensadora formada na Coruña “Miguel Servet”, sociedade que impulsaría a creación da primeira escola laica galega, que abriu as súas portas o 18 de xuño de 1889, con 34 alumnos. Defensor da doutrina liberal, das ideas democrático-republicanas e do federalismo pactista, ademais dun destacado membro da masonería, xunto co seu amigo e correligionario Andrés de la Cavallería -tamén accionista da ILE- levou a propaganda republicana, con moitas dificultades, ós distritos rurais.

Cabería tratar aquí a posible relación do krausismo coa masonería, que ten a súa orixe no mesmo fundador desta corrente, o francmasón Christian Friedrich Krause. Referido á masonería en Galicia, di Valín Fernández que “se asentó aquí con más fuerza que en otras regiones llegando a cobrar importancia por sus manifestaciones liberales y laicas, su tradicional amistad con Portugal y el movimiento iberista, así como por su carácter autonómico”⁸⁶. Da lectura dos seus traballos constatámo-la presenza do Venerable Segundo Moreno Barcia (simbólico *Manín*), nas loxas *Brigantina, N° 24* (1888-1892) e *Gran Logia Regional Galaica* (1892); o senador Juan Montero Telling (simbólico *Porlier 1º e Lacy*), na loxa *Brigantina, N° 24* (1888); Maximino Teijeiro, (simbólico *Tertuliano*), nas loxas *Luz Compostelana N° 13/N° 5* (1873-1881) e *María Pita, N° 317* (1892-1893), monfortino afinado en Santiago, brillante na medicina galega, rector da Universidade de Santiago e presidente da Sociedade Económica de Amigos do País. A lista podería estenderse a outros institucionalistas posteriores ou personaxes relacionados con xentes da ILE, tales como o célebre político, xenro de Montero Ríos, Eduardo Vincenti Reguera (simbólico *Tiberio*), na loxa *Fraternidad Ibérica, N° 90* (1880-1892) ou Esteban Quet, Decano da Facultade de Farmacia, que coincide na Universidade compostelá con González Linares e Calderón.

Valín apunta datos importantes sobre o conflito masonería/clericalismo católico na Galicia decimonónica, coincidindo cos arcebispados de Miguel García Cuesta e José Martín Herrera, e sobre a ensinanza laica como “arma más preciada por la masonería gallega”. Debemos sinalar, non obstante, que o krausismo de Sanz del Río, cos “silencios” masónicos, dos que nos dá conta Ureña, ten pouco que ver coa masonería. López Váz-

⁸⁵Véxase Xosé Manuel Moreno González, “Moreno Barcia, Segundo”, *Gran Enciclopedia Gallega*, t. 21, pp. 231-323.

⁸⁶Alberto Valín Fernández, *La masonería y La Coruña. Introducción a la historia de la masonería gallega*, Vigo, Xerais, 1984, pp. 18-19. O autor conta cun texto máis recente, *Galicia y la masonería en el siglo XIX*, Sada - A Coruña, Edicións do Castro, 1990.

quez, ó comenta-la postura de Sieiro tanto no episodio da “Cruz de Monteagudo” coma no do xuízo contra Curros, co bispo de Ourense como protagonista⁸⁷, parece inclinarse tamén polo mesmo. E Jiménez-Landi reafírmase en que “la *Institución Libre de Enseñanza* nunca fue una sociedad masónica ni secreta, como han pretendido calumniosamente sus debedadores”⁸⁸. Mais con iso tense aludido, en boa medida tamén, á saña e vituperio con que se perseguíu á ILE a partir de 1936, coa chegada do franquismo.

⁸⁷Ramón López Vázquez, *A filosofía krausista en Galicia*, op. cit., p. 47.

⁸⁸Antonio Jiménez-Landi, *op. cit.*, t. I, p. 331